

ed
s
c
e
u
e

e_scena

BOLETÍN DE INFORMACIÓN DA AGADIC

40

decembro 2009

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo AGADIC

D.L.: C-826-06

O PROGRAMA CREATIVA FAI DE VIGO O EPICENTRO DAS INDUSTRIAS CULTURAIS CON 4 FOROS DE DEBATE E DIVERSOS ESPECTÁCULOS

DISTINTOS PUNTOS DA CIDADE E A SÚA
ÁREA DE INFLUENCIA ACOLLEN MÁIS DE
20 ACTIVIDADES ENTRE O 9 E O 19 DE DECEMBRO

PROFESIONAIS DA ESCENA, A MÚSICA,
O LIBRO E O AUDIOVISUAL ABORDARÁN CADA
ÁREA NOS PLANOS ARTÍSTICO E ECONÓMICO

CON FINANCIACIÓN MEDIANTE FONDOS FEDER
DA UNIÓN EUROPEA, O PROXECTO DESENVÓLVESE
XUNTO Á REGIÃO NORTE DE PORTUGAL

A Axencia Galega das Industrias Culturais da Consellería de Cultura e Turismo e a Dirección Regional de Cultura do Norte organizan conxuntamente o Foro das Industrias Culturais, un encontro multilateral e interdisciplinar entre empresas, creadores e artistas de distintos ámbitos do sector da cultura das dúas procedencias xeográficas que, baixo o título xenérico de CREATIVA, se desenvolverá en Vigo entre o 9 e o 19 de decembro.

SUMARIO

- [1-4] AGADIC
- [4-5] > Centro Dramático Galego
- [5] > Centro Coreográfico Galego
- [6] ALERTAS
- [6] NOVIDADES EDITORIAIS
- [7-8] E_SCENA EN CIFRAS



navega por e_scena pinchando nas
frechas, no índice e nos enderezos web

O PROGRAMA CREATIVA FAI DE VIGO O EPICENTRO DAS INDUSTRIAS CULTURAIS CON 4 FOROS DE DEBATE E DIVERSOS ESPECTÁCULOS



Borja Fernández e Uxía P. Vaello



O Retrete de Dorian Gray



Niño y Pistola



Roi Casal



Nut Teatro

Diversos espectáculos de teatro, danza e concertos, algúns deles producidos expresamente para a ocasión, virán a complementar o programa coa incorporación do público xeral á parte máis lúdica do evento

A música, a escena, a produción audiovisual e o libro xunto ao produto gráfico son os grandes eixos –tanto industriais como artísticos– que vertebran cada unha das actividades desta iniciativa, materializada a través dos distintos modelos de conferencias, mesas redondas e reunións propostas. Tamén comprenderá a mostra de diversos espectáculos de teatro, danza e concertos, algúns deles producidos expresamente para a ocasión, que virán a complementar o programa coa incorporación do público xeral á parte máis lúdica do evento.

En total, figuran programadas máis dunha vintena de actividades culturais en distintos espazos da cidade olívica e a súa área de influencia. Así, a Escola Superior de Arte Dramática (ESAD), o Centro Sociocultural Caixa Galicia, o Centro Social Caixanova, o Cine Salesianos, o Museo de Arte Contemporánea (MARCO), as salas Mondo Club, Contrabajo, La Iguana e La Fábrica de Chocolate ou a Fundación Illa de San

Simón suman os seus espazos a esta iniciativa, que fará de Vigo o epicentro das industrias culturais.

Coa financiación a cargo dos fondos FEDER da UE e pertencente ao Programa Europeo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal, o proxecto avanzará no tempo mediante a publicación dixital dunha guía de recursos culturais e dunha axenda de actos culturais, así como a través dunha longa serie de accións concretas nas poboacións asentadas a ambas beiras do Miño até finais de 2010.

Debate e intercambio

A necesidade do intercambio e a cooperación transnacional son os principais activos que presiden todo o plan de traballo de CREATIVA; do mesmo xeito que o punto de partida é a consideración da cultura como factor básico de desenvolvemento territorial e económico.

A partir desta premisa básica e centrados en temáticas concretas para cada

caso, artéllanse o Foro Artes Escénicas, o Foro Industria Musical, o Foro Produto Gráfico: Retos para o século XXI e o Encontro Alfándega Audiovisual. Entre os asuntos a debate nas mesas de artes escénicas figuran os repertorios e a creación de públicos, novas tendencias escénicas en Galicia, as linguaxes da danza ou o exercicio da profesión no marco do convenio profesional de actores e actrices de Galicia.

O Alfándega Audiovisual está deseñado para ser un foro dos festivais clásicos e emerxentes do Sur de Galicia e Norte de Portugal mediante o achegamento á realidade tanto dos de nova creación coma dos de máis longa traxectoria; en tanto que o foro sobre o libro e produto gráfico abordará o futuro das editoriais fronte ás novas tecnoloxías, o papel das empresas de comunicación na euronrexión ou a relevancia do deseño de impresión. Pola súa banda, o dedicado á industria musical, o único que está destinado exclusivamente a profesionais, desenvolverase a través de tres

grandes áreas de presenza do sector, como son os festivais, a distribución e as discográficas.

Espectáculos

O Foro CREATIVA implica tamén a celebración de varios concertos e actuacións de teatro e danza de artistas e compañías galegas e portuguesas. Así, a programación musical preparada inclúe grupos como The Blows, Roi Casal, Anxo Lorenzo, Old Jerusalem, Niño y Pistola, Amália Hoje, Kiko Aguado & Celia Mur, Aquaparque, Creativa Arte Sonora (CarlosSuárez+Xe+ Colectivo Soopa) e unha sesión *dj* a cargo de Bflecha.

No calendario de funcións de artes escénicas figuran Nut Teatro co espectáculo *Wake Up*, Borja Fernández e Uxía Vaello con *Play*, O Retrete de Dorian Gray con *Rúa Aire*, Peripécia Teatro con *Vincent, Van e Gogh*, Núcleo de Experimentación coreográfica con *Uma peça encomendada* e Galitoo con *Rosalía a pulga que escribía*.

O programa completo de actividades será presentado diante dos medios de comunicación polo conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela, e o director da AGADIC, Juan Carlos Fernández Fasero, nun acto que terá lugar no MARCO de Vigo o vindeiro xoves 10 de decembro ás 12:00 horas. Tamén participarán os coordinadores de cada área temática: Xabier Alonso en música, Manuel Vieites en escena, Juan Penas en libro e produto gráfico e Xaime Fandiño no apartado audiovisual.

+ info en www.agadic.info e www.creativacultural.com

FORMACIÓN

CARLOS CASTRO E CHEFA ALONSO IMPARTEN DÚAS MASTER CLASS SOBRE PERCUSIÓN E IMPROVISACIÓN NA MÚSICA FOLK

Os músicos galegos Carlos Castro e Chefa Alonso imparten este mes os dous últimos encontros do ciclo de *Master Class* de Música Tradicional que organiza a AGADIC en Santiago de Compostela. Distintos aspectos de percusión centran os contidos destas clases maxistras que aínda manteñen aberto o seu prazo de matrícula.

O recoñecido violinista escocés Duncan Chisholm foi o encargado de inaugurar o pasado mes de novembro este programa de apoio á formación en música tradicional, que continuará a partir do 4 de decembro co curso “A percusión non tradicional na música folk galega”, a cargo de Carlos Castro, xefe do departamento de Percusión do

Conservatorio Superior de Música de Vigo e integrante do grupo Fía na Roca. O obxectivo desta clase –que se estenderá aos días 11 e 18– é proporcionar unha nova visión sobre a utilización da percusión non tradicional, que sirva para orientar e completar o papel do percusionista dentro da música folk galega.

Pola súa banda, a saxofonista e percusionista Chefa Alonso impartira a terceira e última *master class* que, baixo o título “Improvisación libre. A composición en movemento”, se desenvolverá en tres sesións do 16 ao 18 de decembro. O obxectivo concreto da clase, concibida a modo de obradoiro, é a introdución dos alumnos na improvisación libre dunha forma gradual e imaxinativa, a partir de aspectos tan xerais como a escoita, a concentración, a interacción, o silencio, o risco ou a memoria musical.

+ info.: www.masterclassdemusicatradicional.info



Carlos Castro



Xoel López

PROMOCIÓN EXTERIOR

CATRO MIL PERSOAS ASISTIRON AOS CONCERTOS DE GALICIAN TUNES EN BOS AIRES

A música galega pechou con éxito a súa primeira participación en BAFIM (Buenos Aires FERIA Internacional de la Música), que celebrou a súa cuarta edición do 19 ao 22 de novembro, tanto no que se refire á gran acollida dos concertos programados como aos novos contactos establecidos cara a próximas accións comerciais en Latinoamérica. Carlos Núñez, Xoel López e Vestuta Morla, Uxía e Alô Irmao (Fran Pérez “Narf” e Manecas Costa) reuniron preto de 4.000 persoas nas catro actuacións ofrecidas en diferentes teatros e salas de Bos Aires como parte dunha programación especial que foi publicitada en toda a cidade baixo a marca Galician Tunes.

Este programa paralelo serviu para conceder un maior protagonismo á presenza de Galicia nesta feira internacional, á que se desprazou unha delegación comercial integrada polos representantes das compañías EsmerArte Servicios Artísticos (La Fábrica de Chocolate), Keltia Producións, Nordesía, Ouvirmos e Lonxa Cultural e



Uxía

das dúas principais asociacións do sector: Agaphono (Asociación Galega de Productoras Fonográficas) e AGEM (Asociación Galega de Empresas Musicais), esta última encargada da organización da participación galega no evento co apoio da Consellería de Cultura a través da AGADIC.

Durante a súa estada en BAFIM, as empresas estableceron relacións es- tratéxicas cara á incursión da industria musical galega en diferentes mercados latinoamericanos. Neste sentido, destacan os acordos acadados con axentes de Arxentina, Brasil, Chile, Uruguai, Paraguai e Bolivia, entre outros, para a distribución discográfica de diferentes artistas e grupos nos seus respectivos países.

A diferenza doutras feiras do sector, BAFIM tamén abriu as súas portas ao público xeral, que tivo a oportunidade de coñecer de primeira man unha mostra da música que se fai en Galicia a través do *stand* instalado no recinto feiral e da actuación ofrecida por Xoel López dentro do programa oficial de *showcases*.

+ info.: www.galiciantunes.com



Narf



Duelirium

O PROGRAMA EUROPEO DE XÓVENES TALENTOS DO CIRCO SELECIONA DÚAS PROPOSTAS GALEGAS COMO FINALISTAS

A compañía Duelirium, coa obra titulada *Aviadoras*, e a creadora Raquel Veganzones, con *Losing Grip*, foron seleccionadas como finalistas para acceder á mostra artística de Xóvenes Talentos do Circo Europeo, un programa financiado pola Unión Europea que ten por obxectivo promover o traballo dos artistas emerxentes no ámbito do novo circo. O Centro Dramático Galego é unha das cinco entidades asociadas á iniciativa, que encabeza o centro francés Jeunes Talents Cirque e da que forman parte así mesmo o Cirko-Uden Sirkusken Keskus Ry de Finlandia, a Vlaamse Organisatie Voor Circuskunsten de Bélxica e o Crying Out Loud Lt. do Reino Unido.

Duelirium, compañía de circo aéreo integrada por Mercè Solé e Raquel Oitavén, define o seu proxecto como unha viaxe máxica na procura de novos elementos e instalacións aéreas. *Aviadoras* presenta a dúas pioneiras da aviación na II Guerra Mundial, que loitan en bandos enfrontados e acaban por encontrarse nunha coordenada descoñecida. A pesar das súas diferenzas, xuntas tentarán sobrevivir buscando enxeñosas formas de seguir voador: cordas lisas feitas con farrapos e un trapecio-hélice son algúns dos innovadores aparatos ideados polo dúo para executar a técnica aérea que dá forma a esta historia.

Pola súa banda, Raquel Veganzones e o británico Girisho Gordon (Raquel & Girisho) foron seleccionados polo proxecto *Losing Grip*, que se desenvolve a partir de dous elementos creados especialmente para esta proposta: un trapecio de tres barras colocadas a modo de escada e un arnés que, camuflado baixo a roupa, lles ofrece novas formas de suxeición sobre o trapecio.

Estas dúas propostas galegas competiron con outras 147 candidaturas procedentes dos cinco países participantes neste proxecto, que conta cun financiamento de 200.000 euros para o bienio 2009-2010. Na reunión do comité de selección, celebrada en Bruxelas, escolléronse as 30 montaxes finalistas que deberán ser executadas en directo diante do xurado internacional. En total, realizaranse cinco presentacións, cada unha con seis dos proxectos seleccionados e en cada unha das sedes dos cinco socios do programa. No caso do CDG, a mostra realizarase en Santiago os vindeiros 30 e 31 de xaneiro de 2010.

+ info.:

www.jeunestalentescirque.org

AVANZAN OS ENSAIOS DE 'AS ACTAS ESCURAS' BAIXO A DIRECCIÓN DE XÚLIO LAGO

O equipo artístico de *As actas escuras*, a primeira produción do Centro Dramático Galego para a presente temporada 2009-2010, atópase inmerso nos ensaios desta obra de Roberto Vidal Bolaño que o director Xúlio Lago levará a escena para a compañía pública. A estrea terá lugar o 15 de xaneiro no Salón Teatro de Santiago, onde permanecerá até primeiros de febreiro, para iniciar despois unha xira por diferentes escenarios galegos que se prolongará 3 meses.

Unha investigación a través da que historiadores e teólogos buscan resolver o misterio dos restos do Apóstolo Santiago é o eixo central deste drama, polo que Vidal Bolaño foi recoñecido en 1992 co Premio Xacobeo de Textos Teatrais. A obra subirá por vez primeira ás táboas da man dun elenco de 14 actores e actrices: César Cambeiro, Ricardo de Barreiro, Ursia Gago, Jouse García, Mónica García, Teté García, César Goldi, Xoán Carlos Mejuto, Fernando Morán, Xosé Manuel Olveira "Pico", Rodrigo Roel, Pepe Soto, Agustín Vega e Marcos Vieitez.

Nesta fase de ensaios do próximo espectáculo do CDG, Xúlio Lago conta tamén coas achegas artísticas de Antón Arias Marsal, que comparte con el o deseño da iluminación; Rodrigo Roel, a cargo de espazo escénico e o atrezzo; La Canalla, do vestiario; Manuel Riveiro, da música, e de María Armesto como axudante de dirección.

+ info.:

www.centrodramatico.org



VOADORA PRESENTA EN TONDELA 'SUPER8', ESCOLLIDA COMO COPRODUCCIÓN CO CDG

A plataforma artística Voadora inaugura o 2 de decembro o Festival Internacional Teatro Acert (FINTA 09), na localidade portuguesa de Tondela, coa presentación do seu novo espectáculo, *Super8*, realizado en coprodución co CDG. Con esta primeira escenificación pública, culmina ademais a residencia artística da compañía galega no Acert para ultimar a montaxe deste musical sobre os mecanismos selectivos da memoria, que se representará no Salón Teatro en abril do próximo ano.

Marta Pazos dirixe a Hugo Torres, José Díaz, Natalia Outeiro e Sergio Zearreta nesta segunda entrega da triloxía *Lugares Comúns* (fracaso-memoria-paraiso), que Voadora inaugurou en 2008 con *Periferia*. Se esa primeira proposta situábase no presente, centrándose no tema do fracaso, *Super8* trasládase ao pasado situando a acción nun banquete onde os comensais se debaterán entre a obsesión por recordar e a importancia de esquecer.

Teatro, música en vivo, danza e circo mestúranse nesta proposta que xorde a partir da investigación arredor dos espazos, reais e imaxinarios, que compartimos e sobre como eses puntos de encontro influencian a procura da identidade do individuo contemporáneo.

Á VENDA AS ENTRADAS PARA O CONCERTO DE WOODS DENTRO DA EXTENSIÓN DO FESTIVAL SINSAL EN SANTIAGO

A venda anticipada de entradas para asistir á actuación que a banda estadounidense Woods ofrecerá no Salón Teatro o vindeiro 10 de decembro, ás 22.00 h, no marco da extensión do Festival Sinsal en Santiago, xa está dispoñible a través da billeteira electrónica de Caixa Galicia e do teléfono 902 43 44 43. Tamén poderán adquirirse no despacho de billetes do teatro o mesmo día do concerto, a partir das 20.00 h.

Este grupo de folk alternativo con tinturas psicodélicas visita Compostela dentro da xira europea na que está a presentar *Songs of Shame*, o seu cuarto traballo discográfico. O do Salón Teatro será o primeiro dos concertos que ofrecerá en España, xa que a continuación Woods viaxará a Madrid e a Barcelona como parte do cartel do festival Primavera Sound.

Liderada por Jeremy Earl, revitalizador da escena *underground* estadounidense a través dos seus selos Fuck It Tapes e Woodsist, a banda de Brooklyn ten alcanzado nos seus pouco máis de catro anos de traxectoria unha destacada posición nos círculos do pop-rock alternativo coa súa mestura de folk campestre, rock, lo-fi, *noise* e psicodelia.

O SALÓN TEATRO PECHA 2009 COA MOSTRA DE TEATRO INFANTIL DE NADAL

O Salón Teatro de Santiago de Compostela pecha o ano 2009 coa súa xa tradicional Mostra de Teatro Infantil de Nadal, que se desenvolverá do 26 ao 30 de decembro coa participación de cinco compañías: Títeres Trompicallo, Caramuxo Teatro, Ángels Margarit coa Compañía Mudances, Teatro de Montemuro e A Priori Producciones.

Esta programación especialmente dirixida ao público infantil dará comezo o sábado 26 con *Violeta Coletas contra as salchichas*. *Gulp!*, último espectáculo da compañía galega Títeres Trompicallo, ao que seguirán *Os Bolechas* de Caramuxo Teatro (domingo 27), *Flexelf* da catalá Ángels Margarit (luns 28) e *Mãos grandes* do grupo portugués Teatro de Montemuro (martes 29). Por último, dende Guadalaxara chegará A Priori

Producciones para pechar a mostra con *El sable y la paloma*. Todas as funcións terán lugar ás 19.00 horas, agás no caso do espectáculo *Mãos grandes*, do que se ofrecerán dous pases ás 18.00 e ás 19.30 h.

Antes, neste mes de decembro o espazo que xestiona o CDG acollerá o concerto da banda norteamericana Woods (día 10) dentro da extensión compostelá de Festival Sinsal e os espectáculos *As cuñadas* da Aula de Teatro da Universidade de Santiago (día 16) e *O segredo dos Hoffman* de Lagarta Lagarta (do 17 ao 20 de decembro).

O Salón Teatro remata así o seu calendario de funcións de 2009, no que ademais de acoller as temporadas de exhibición das producións do CDG *A boa persoa de Sezuán* e *As dunas*, prestou o seu escenario a máis dun cento de sesións de teatro, danza, cine e música.

+ info.:

www.centrodramatico.org

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO [CCG]



Guillem Mont de Palol

GUILLEM MONT DE PALOL PROTAGONIZA A ÚLTIMA RESIDENCIA ARTÍSTICA DO CCG PARA 2009

O Centro Coreográfico Galego conclúe seu programa de residencias artísticas 2009 coa estada do creador catalán Guillem Mont de Palol na nave da AGADIC en Santiago. Tras un primeiro período de traballo no mes de novembro, Mont de Palol atópase de novo en Compostela para continuar desenvolvendo o

proxecto *Yo fui un hombre lobo adolescente inventando horrores*, do que ofrecerá unha mostra aberta ao público o vindeiro 18 de decembro.

Co artista sonoro Óscar Villegas e o escenógrafo Jorge Dutor como colaboradores, Mont de Palol realiza unha investigación sobre a narración e os contos de terror co obxectivo de buscar diferentes métodos para construír unha *performance* a partir de diferentes escenas enmarcadas neste xénero, xogando ao tempo coas aparencias e a imaxinación.

Esta é a sétima e última das residencias apoiadas este ano polo CCG, que ofrece aos artistas seleccionados a oportunidade de contar cun espazo de traballo, así como co apoio artístico e técnico necesario para levar adiante as súas propostas de creación e investigación escénica. Así, na nave da AGADIC tamén se puxeran en marcha os proxectos *Assemblage*, de Laura Lizcano; e *Macho*, de David Loira. O Teatro Ensalle de Vigo acolleu *Vento, fento e cemento*, de Mercé de Rande; e o Centro Cultural Torrente Ballester de Ferrol, *Arquitectura interiores*, de Carlonia Fernández; e 3, de Víctor Zambrana.

EDITADO O SEGUNDO VOLUME DA COLECCIÓN DE ESTUDOS SOBRE DANZA 'CORPO DE LETRA'

O Centro Coreográfico Galego, a Universidade de Alcalá (Madrid), o Institut del Teatre e o Mercat de les Flors (Barcelona) acaban de editar *Arquitecturas da mirada*, segundo número de *Corpo de letra: danza e pensamento*, colección pioneira no ámbito da teoría da danza con-temporánea que busca dotar de obras de referencia e propostas críticas inéditas a un sector artístico que na actualidade dispoñen de escaso material teórico.

Coordinado pola coreógrafa Ana Buitrago, este volume recopila un total de sete ensaios sobre as diferentes miradas coas que artista e espectador se enfrontan ás obras coreográficas e a relación de colaboración que se establece entre ambos no momento da representación. Os autores destas análises son José A. Sánchez, catedrático de Historia da Arte na Universidade de Castela-A Mancha; Christine Greiner, profesora do departamento de Linguaxes do Corpo na Universidade Católica de São Paulo; Marina Garcés, profesora de Filosofía na Universidade

de Zaragoza e na UOC; Zeynep Günsür, docente na Yildiz Technical University de Estambul; Jaime Conde-Salazar, dramaturxista e estudoso das chamadas artes vivas; Claudia Galhós, crítica especializada en artes *performativas* para diferentes medios portugueses; e Jacques Rancière, recoñecido filósofo francés e profesor emérito da Universidade de París VIII (San Denis).

A colección, inaugurada con *O esgotamento da danza*. *Performance e a política do movemento*, do antropólogo e dramaturgo de orixe brasileira André Lepecki, constará dun total de 10 volumes con versións en galego, catalán e castelán. Editárase así mesmo unha recompilación anual en inglés, na que se recollerán os textos inéditos nesta lingua.

Conclusións do MOV-S

Ademais, o Mercat de les Flors acaba de publicar *Condiciones para la creación coreográfica: fundamentos e instrumentos*, libro no que se recollen os relatos que, arredor deste tema, se desenvolveron en xuño do ano pasado na Illa de San Simón con motivo da celebración do MOV-S 2008, organizado en colaboración co Centro Coreográfico Galego. A publicación ofrece, así mesmo, algunhas das conclusións derivadas deste encontro que reuniu en Galicia a máis de 200 profesionais da danza e das artes do movemento de todo o mundo.



Cía. Mudances

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatorias da AGADIC	Contido	Dirixido a	Data límite
IV Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico	Promovido pola Radio Galega e o CDG co patrocinio da AGADIC, o premio busca fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e contribuír á recuperación do formato de teatro radiofónico desde unha perspectiva contemporánea. O xurado, integrado por profesionais da escena e da radio, seleccionará as obras finalistas que serán dramatizadas para a súa emisión a través da Radio Galega. Entre as emitidas, escollerá así mesmo o texto premiado, mentres que a audiencia votará a obra que recibirá o galardón do público. Cada un dos premios está dotado con 3.000 euros.	Todos os escritores e escritoras que o desexen sempre e cando non manteñan unha relación laboral coa CRTVG e con calquera das sociedades que comprende (TVG e RG). Máis información: www.centrodramatico.org	31 de decembro
Mostra de Teatro Infantil de Nadal: obradoiro de plástica e movemento con Ángels Margarit/Cía Mudances	Con motivo da representación no Salón Teatro de Santiago da montaxe <i>Flexelf</i> , de Ángels Margarit/Cía. Mudances, a creadora catalá e outros membros da compañía impartirán un obradoiro infantil que constará de dúas partes: a primeira dedicada á confección dun caderno a partir das ideas que se manexan no espectáculo e a segunda, ao traballo corporal, en grupo e con obxectos. O taller terá lugar o luns 28 de decembro, de 11.00 a 13.30 horas, no Centro Galego de Arte Contemporánea.	30 prazas para familias e grupos de nenos e nenas de 5 a 11 anos. A inscrición é gratuíta, previa reserva de praza no Centro Dramático Galego: Salón Teatro. Rúa Nova, 34. Santiago Tel.: 981 581 111 Horario de atención ao público: de 9 a 14 horas.	Até completar prazas dispoñibles

Outras convocatorias de interese:

- Consortio Audiovisual de Galicia: www.consortioaudiovisualdegalicia.org
- Deputación da Coruña: <http://www.dicoruna.es/cultura/premios/index.htm>
- Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales (ICAA): <http://www.mcu.es/cine/SC/becasAyudasSubvenciones/index.html>
- Programa Media da Comisión Europea: www.mediadeskspain.eu

NOVIDADES EDITORIAIS [EDIT]



Arquitecturas da mirada

Ana Buitrago (ed.)

Colección Corpo de Letra, Danza y Pensamiento, nº 2 (versión galego) / Editan: Mercat de les Flors de Barcelona, Universidad de Alcalá, Centro Coreográfico Galego
ISBN: 978-84-8138-842-8
PVP: 19,10 euros

O segundo libro da colección recolle sete ensaios arredor da miradas desde a composición e desde os espectadores de hoxe, ensaios nos que se analiza como ambas as dúas miradas constrúen diversas arquitecturas no efémero.



A Revolta da Casa dos Ídolos

Pepetela

Colección Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, nº 63 / Edita: Universidade da Coruña (Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística), co apoio da AGADIC / ISBN: 978-84-9749-364-2 / PVP: 12 euros

Reconstrución dun episodio descoñecido da historia de Angola: a revolta contra o poder no territorio do Congo en 1514. O dramaturgo portugués Pepetela opta por presentar un pasado histórico como metáfora do mundo actual.



O teatro en Jenaro Marinhas del Valle

Henrique Rabuñal

Colección Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, nº 62 / Edita: Universidade da Coruña (Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística), co apoio da AGADIC / ISBN: 978-84-9749-363-5 / PVP: 14 euros

Retrato da traxectoria vital e as concepcións ideolóxicas e culturais de Marinhas del Valle, repasando a súa produción dramática e a súa poética teatral. Tamén se reproduce un conxunto de textos teóricos que explican a súa obra e confirman o seu maxisterio.

REXISTRO DE DATOS XUÑO 2009 [E_SCENA EN CIFRAS]

AGADIC

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Producións con distribución pechada*

Noite de Reis

A boa persoa de Sezuán

Produción con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIONES	ESPECTADORES/ FUNCION	FACTURACIÓN/ FUNCION
Santiago	As Dunas	16	127,50	545,25 €
Vila Real	As Dunas	1	134,00	55,00 €
O Barco	As Dunas	1	130,00	50,00 €
A Coruña	As Dunas	2	440,50	4.105,48 €
Vigo	As Dunas	2	118,00	1.179,00 €
Tui	As Dunas	2	160,00	875,50 €
Vilagarcía	As Dunas	1	232,00	308,00 €
Ourense	As Dunas	2	79,50	727,50 €
Narón	As Dunas	1	112,00	612,00 €
Ribadeo	As Dunas	1	119,00	336,00 €
Ferrol	As Dunas	1	113,00	494,00 €

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Producións con distribución pechada*

Giseliña

SALÓN TEATRO

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIONES	ESPECTADORES/ FUNCION	FACTURACIÓN/ FUNCION
CDG	Noite de Reis	17	201,06	1.046,71 €
Varuma Teatro	Malgama	2	113,50	686,50 €
O Último Momento	Contigo	2	115,00	639,00 €
Maquinaria Pesada	As vingadoras	2	193,00	302,50 €
Ieto	Ieto	2	120,50	666,00 €
Jeremy Jay	Festival Sinsal	1	190,00	1.383,00 €
CDG	As Dunas	16	127,50	545,25 €
Pram	Festival Sinsal	1	150,00	985,00 €
Iván Marcos	Eco	3	103,33	111,00 €
Teatro do Morcego	Kvetch	10	81,30	417,10 €
Compañía Salva Sanchis	Objects in mirror are closer than they appear2			34,00 €
Larsen + Little Annie	Festival Sinsal	1	91,00	534,00 €
C93	Festival Sinsal	2	132,50	2.219,00 €
Teatro Oficina + CDG	Delimvois	2	50,00	30,00 €
Orquestra O.M.E.G.A.	Festival Vibracional	1	120,00	450,00 €
Cía. Quique Peón	Ovay	2	225,00	502,50 €
Nut Teatro	Wake Up	4	80,25	285,00 €
Abrapalabra	A piragua	4	155,75	828,00 €

TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIONES	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
O regreso ao deserto (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
Tará Chis Pum (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
A Piragua (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
Vacuo (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
Noite de Reis (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

* Desglose en anteriores números de e_scena

TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIONES	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	100	10.866	41,23%	46.249,00 €
Noite de Reis (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
Valdemuller (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
Estigma (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
Kiosco das almas perdidas (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
A boa persoa de Sezuán (CDG)	24	4.091	40,93%	20.003,69 €

TOTAL ACUMULADOS 2009

	FUNCIONES	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	74	10.043	52,13%	49.252,00 €
Noite de Reis (CDG)	17	3.418	75,30%	17.794,00 €
A boa persoa de Sezuán (CDG)	12	2.248	46,81%	5.596,90 €
As Dunas (CDG)	30	4.476	35,83%	24.853,95 €
Giseliña (CCG)	23	6.869	56,04%	14.972,90 €

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIONES	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCION
Arela das Artes	6	81,33	315,42 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	3	158,33	419,67 €
Ballet Carmen Roche	1	338,00	1.431,00 €
Berrobambán	11	221,36	414,86 €
Branca Novoneyra	1	66,00	306,00 €
Bstudiodanza	2	106,50	311,75 €
Búho y Maravillas	3	195,33	265,17 €
Caramuxo Teatro	5	85,80	160,50 €
Chrystyan Magic	3	135,00	300,00 €
Cía Daniel Abreu	1	76,00	480,00 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea	1	171,00	1.034,00 €
Ballet Jesús Quiroga	1	171,00	1.034,00 €
Compañía do Trinke Trinke	6	112,50	207,75 €
D2	2	70,00	117,50 €
Dani García	4	125,75	252,13 €
Disque Danza	1	22,00	20,00 €
Dúo Décima-cerviño (Piano a Catro Mans)	1	113,00	386,00 €
Elefante Elegante Teatro	12	203,00	398,15 €
Entremans	5	79,00	288,20 €
Espello Cóncavo	5	161,80	608,80 €
Fulano, Mengano e Citano, S.l.	5	64,00	298,40 €
Galitoo	13	229,85	487,77 €
Gelabert Azzopardi Companyia de Dansa	1	64,00	59,00 €
Ghazafelhos	9	90,33	184,28 €
Grupo de Música Antiga 1500	2	124,50	277,75 €
Grupo de Teatro Lope de Vigo	6	60,67	120,92 €
Javier Martín	2	210,00	735,50 €
La Tirita de Teatro	5	71,40	141,00 €
Lagarta Lagarta	14	178,36	598,21 €
Lambriaca Teatro	8	114,00	285,31 €
Mago Rafa	5	134,20	228,90 €
Mago Xacobe Sanz	3	105,00	229,83 €
Malasombra	10	107,20	340,98 €
Maquinaria Pesada	4	65,00	237,63 €
Martin Camiña	5	98,60	213,80 €
Matarile Teatro	6	100,67	456,33 €
Miroscopio Perdicións	7	66,71	162,29 €
Nats Nus Dansa	1	93,00	215,00 €
Nova Galega de Danza	3	213,33	1.370,00 €
O Mago Ieto	3	229,33	994,67 €
Orquestra Vigo 430	2	100,00	332,50 €

Os Monicreques de Kukus	15	153,80	309,80 €
Os Quinquilláns	6	299,00	393,67 €
Pinga Teatro	4	121,00	185,94 €
Pisando Ovos	4	116,00	257,00 €
Pistacatro Productora de Soños	12	173,17	515,40 €
Producións Teatráis Excéntricas	8	197,00	978,56 €
Redrum Teatro	6	132,17	681,67 €
Román García	5	166,40	344,00 €
San&san	9	85,11	250,69 €
Sarabela Teatro	17	180,82	539,09 €
Symbiosis Produccións S.c.	5	81,80	142,30 €
Talia Teatro	28	137,75	349,38 €
Teatro de Ningures	9	75,11	313,22 €
Teatro del Andamio	13	84,31	222,06 €
Teatro do Atlántico	8	142,00	609,25 €
Teatro do Morcego	16	173,81	949,63 €
Teatro do Noroeste	7	91,86	393,93 €
Teatro Ensalle	5	45,60	209,40 €
Teatro Galileo	7	141,00	400,64 €
Teatro Nu	4	113,25	254,63 €
Titeres Tropicallo	3	194,67	564,00 €
Uroc Teatro	4	142,25	739,00 €
Yllana	4	220,75	1.472,50 €
[in]constantes Teatro	6	194,83	1.438,58 €

CONCELLOS/ENTIDADES

CONCELLO/ENTIDADE	Nº FUNCIONES	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCION
A Coruña.IMCE	35	175,8	916,91 €
A Coruña. Teatro Colón Caixa Galicia	5	283,4	783,60 €
A Estrada	11	80	390,36 €
Ames	17	73,76	145,31 €
Arteixo	8	118,13	282,19 €
As Pontes de García Rodríguez	4	135,75	203,75 €
Betanzos	4	92,25	291,88 €
Boiro	8	127,75	284,69 €
Burela	8	207,63	564,06 €
Cambados	4	201,25	264,00 €
Cangas de Morrazo	11	154,36	478,91 €
Carballo	15	113,27	322,17 €
Cedeira	9	76,78	130,89 €
Cee	13	103,54	173,46 €
Culleredo	8	60,25	138,00 €
Ferrol	14	73,43	327,00 €
Foz	13	126,15	277,00 €
Laíño	4	73,5	212,75 €
Lugo	4	104,5	316,25 €
Monforte de Lemos	4	145,5	336,50 €
Muros	11	92,82	168,23 €
Narón	16	151,94	714,13 €
Noia	4	97,25	284,00 €
O Barco de Valdeorras	9	100,89	380,78 €
O Carballiño	8	101,13	257,31 €
Oliveros	4	175,5	641,50 €
Ortigueira	4	37,5	106,13 €
Ourense. Teatro Principal	7	100,57	701,14 €
Ourense. Auditorio Municipal	17	232,76	671,59 €
Pontevedra	17	278,82	527,41 €
Redondela	7	250,86	624,43 €
Ribadavia	4	84,5	188,63 €
Ribadeo	11	138,18	256,55 €
Sada	8	41,63	132,94 €
San Sadurniño	8	57,13	117,19 €
Santiago de Compostela	22	116,68	452,14 €
Sanxenxo	4	129	278,63 €
Tui	8	274,13	762,50 €
Vigo. CC Caixanova	9	268,67	1.187,89 €
Vilagarcía de Arousa	7	104,43	243,57 €
Viveiro	8	166,75	411,00 €

[continúa na pág. seguinte]

REXISTRO DE DATOS XUÑO 2009 [E_SCENA EN CIFRAS]

[vén da páx. anterior]

TOTAIS RGTA (ATÉ XUÑO)	2006	2007	2008	2009
Funcións	287	365	432	392
Público	46.849	42.647	58.279	54.901
Ocupación	40,19%	29,71%	37,04%	36,32%
Facturado	132.931,70 €	127.583,31 €	175.122,74 €	172.112,00 €

REDE GALEGA DE SALAS

CONCELLO/ENTIDADE	Nº FUNCIONÉS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
Arteria Noroeste (Santiago)	14	52,29	172,11 €
Sala Nasa (Santiago)	26	33,88	147,60 €
Sala Santart (Santiago)	23	17,74	64,35 €
Sala The Star (Carral)	13	42,62	126,69 €
Teatro Arte Livre (Vigo)	8	11,75	87,50 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	33	36,03	134,18 €
Teatro Ensalle (Vigo)	27	23,89	167,91 €

TOTAIS RGS (ATÉ XUÑO)	2007	2008	2009
Funcións	98	88	144
Público	3.183	2.381	4.503
Ocupación	34,53%	37,42%	41,55%
Facturado	16.475,00 €	12.199,00 €	19.036,00 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
6pm	4	58,00	188,00 €
7 Puertas	8	77,25	224,38 €
A Tuna Rastafari	9	71,56	239,89 €
Adrián Costa & Marcos Coll	4	77,25	355,25 €
Aguardiente Swing Quartet	5	41,80	183,20 €
Aid	4	49,25	152,25 €
Alberto Pérez	2	42,00	252,00 €
Alejandra Burgos	5	45,20	115,80 €
Aló Django	7	69,86	239,71 €
Álvaro Muras	6	28,50	63,67 €
Anger	5	48,20	129,00 €
Aphonic	4	50,75	221,50 €
Ataque Escampe	4	36,00	129,00 €
Balakandra	3	33,33	66,67 €
Baldosa Amarilla	6	64,33	144,83 €
Banda Potemkin	3	60,67	183,33 €
Batusi	4	28,50	113,00 €
Brothers In Band- Tributo Dire Straits	5	46,20	135,80 €
Bruno T. Ford	8	34,00	103,88 €
Bukowski Blues Trío?	4	41,50	130,00 €
Carlos Childe Troupe	2	30,00	95,00 €
Chamito el Flako	3	58,00	125,67 €
Con Cierzo Swing	3	33,67	106,00 €
Cooltrain Band	4	37,75	101,00 €
Cornelius	16	65,63	233,06 €
Coyote Express	1	66,00	180,00 €
Creole Kings	4	38,75	124,50 €
Dandy Fever	6	70,17	188,33 €
Debuxos Reanimados	1	68,00	340,00 €

Deva	4	54,00	125,50 €
Doctor Harapos	4	49,50	132,25 €
Ectoplasma	7	58,43	196,00 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	7	49,14	212,71 €
El Puchero del Hortelano	4	80,25	422,00 €
Elodio y Los Seres Queridos	3	28,67	128,67 €
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	8	54,50	163,38 €
Fainoti	2	42,00	189,00 €
Felix Arias	4	24,50	59,50 €
Franc3s	4	27,00	94,50 €
Graham Foster Trío	6	73,33	315,33 €
Guezos	3	62,00	101,00 €
Guru Deva	7	57,29	152,43 €
Harry Navisson Band	4	26,25	68,25 €
Héctor Lorenzo	5	23,60	53,00 €
Hendrik Röver & Los Esqueletos	3	66,33	199,00 €
Holywater	5	107,00	436,60 €
Javier Constenla "Improvia"	4	35,00	119,25 €
Javier Pereiro Quartet	3	28,00	110,00 €
José Luis Pardo & The Mojo Workers	4	46,25	201,50 €
La Pegatina	1	90,00	270,00 €
Lisandro Aristimuño	4	51,75	216,00 €
Little Albert Boogie Band	3	37,00	121,33 €
Los Eternos	5	55,00	181,80 €
Los Marcianos	5	30,60	82,40 €
Los Mecánicos	7	53,71	113,86 €
Lucía Martínez Cuarteto	4	44,00	184,50 €
M3 - Monkeymeetsmusic	5	48,00	167,60 €
Magín Blanco & Burgas Beat	5	43,00	93,00 €
Meu	7	75,00	255,29 €
Michel Gonzalez Band	2	41,50	92,50 €
Microguagua	4	41,50	143,25 €
Miki Nervio & The Bluesmakers	6	58,83	158,00 €
Misquious	5	29,60	72,00 €
Moon Cresta	7	33,43	131,43 €
Moondogs Blues Party	4	59,25	231,25 €
Mr. Whiz	4	42,25	159,25 €
Niño y Pistola	6	61,17	209,67 €
O Sonoro Maxín	7	61,00	220,29 €
Os Trasnros de Moscoso	4	36,25	51,75 €
Overlook	2	33,50	185,50 €
Pablo Bicho Quinteto	5	64,00	195,40 €
Pablo Seoane Quartet	3	27,00	98,33 €
Phantom Club	5	72,60	259,60 €
Por Placer	5	74,60	216,40 €
Preachers Of Rock And Roll	4	33,50	124,25 €
Rockers Go To Hell	3	46,33	138,33 €
Ruso Negro Dúo	5	45,00	119,80 €
Samesugas	3	36,33	146,00 €
Samuel Levi	3	25,00	53,00 €
Sevigny	8	48,75	199,88 €
Snatch	4	57,75	99,75 €
Sojazz	6	34,17	82,67 €
Stereotipos	4	107,00	348,50 €
Sugar Mountain	5	60,60	175,60 €
Swing Session Quintet	1	25,00	75,00 €
Swingpool	5	24,40	66,20 €
Tangazz Trío	4	21,25	75,75 €
The 38beats	4	46,25	129,75 €
The Blows	6	87,50	299,83 €
The Fishfuckers	6	46,00	164,33 €
The Homens	5	63,00	248,20 €
The Sweat	3	41,00	129,67 €
Transilvianians	5	53,20	188,60 €

Tumbling Dice	3	32,67	68,67 €
Victor Aneiros	4	51,00	163,75 €
Vozes da Rádio	4	60,75	261,75 €
Woden	4	52,25	109,00 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
A Fundación (Melide)	10	73,7	145,90 €
A Regueifa (Pontearreas)	12	63,25	165,08 €
Ache (Marín)	6	41,83	290,00 €
Aturuxo (Bueu)	13	62,15	291,69 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	14	45,21	127,43 €
Babel (Lugo)	3	37,67	112,00 €
Badulake (Ordes)	7	39,71	119,14 €
Bar Liceum (O Porriño)	9	72,11	263,00 €
Bar Patos (Nigrán)	5	31,8	125,00 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	11	64,27	192,82 €
Borriquita de Belém (Santiago)	8	44,75	104,00 €
Café Concerto Antano (Outes)	7	44,14	105,00 €
Café-Cultural Roi Xordo (Allariz)	5	72,4	210,40 €
Casa das Crechas (Santiago)	8	52,25	133,25 €
Catro Camiños (A Rúa)	8	51,88	20,00 €
Clandestino (Nigrán)	10	38,2	109,70 €
Clavicémbalo (Lugo)	16	50,94	201,69 €
Contrabajo (Vigo)	20	36,1	161,00 €
El Ensanche (Vigo)	12	48,42	145,25 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	4	81,25	202,50 €
Forum Celticum (Culleredo)	10	103,9	265,80 €
Garufa (A Coruña)	20	39,4	146,00 €
Jazz Filloa (A Coruña)	4	38,75	193,75 €
Jazz Vides (A Coruña)	26	37,5	141,31 €
La Casa de Arriba (Vigo)	10	24,8	122,80 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	20	48	187,45 €
La Galeríajazz (Vigo)	5	20,8	96,00 €
La Iguana Club (Vigo)	10	74	299,40 €
Marrucho (Baiona)	11	39,36	97,82 €
Náutico (O Grove)	10	83,4	248,70 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	7	52,57	131,71 €
Planeta (Sarría)	9	60,89	191,22 €
Pub o Muíño (Cervo)	9	51,22	117,56 €
Pub d'Antón Rock Café (A Laracha)	19	50,89	134,21 €
Pub Gatos (Melide)	12	49,33	136,50 €
Pub Leblón (Pontecaldelas)	12	42,5	63,50 €
Sala 600 (Melide)	8	56,13	211,75 €
Sala Karma (Pontevedra)	13	81,23	382,77 €
Sala Run Rum (Ferrol)	17	53,59	215,59 €
Salason (Cangas de Morrazo)	11	41,27	142,64 €
Vagalume Café Concerto (Salvaterra de Miño)	5	60	168,00 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	9	33,33	108,67 €

TOTAIS RGMV (ATÉ XUÑO)	2007	2008	2009
Concertos	550	425	445
Público	26.454	21.243	22.973
Ocupación	25,91%	36,65%	41,39%
Facturado	65.268,00 €	63.446,00 €	75.395,00 €

CIFRAS